ESTRATEXIAS
DE ANIMACIÓN À LECTURA

LER PARA SABER



rodeira

O APRENDIZ DE BRUXO E OS INVISIBLES

ESTRATEXIA	INTELIXENCIAS MÚLTIPLES							
	LINGÜÍSTICA E VERBAL	LÓXICA E MATEMÁTICA	VISUAL E ESPACIAL	MUSICAL	CORPORAL E CINESTÉSICA	NATURALISTA	INTERPERSOAL	INTRAPERSOAL
1	•						•	•
2	•		•				•	•
3	•		•	•	•		•	•
4	•	•	•	•			•	
5	•		•				•	
6	•						•	

O APRENDIZ DE BRUXO E OS INVISIBLES

ESTRATEXIA	COMPETENCIAS									
	CL				M	CIMF	TI-D	SC	CA	AA	AIP
	COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA				COMPETENCIA MATEMÁTICA	COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO	TTRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL	COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ	COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSITICA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL
	ESCOITAR	FALAR	LER	ESCRIBIR							
1	•	•	•								•
2	•	•	•	•			•		•	•	
3	•	•	•	•			•		•	•	•
4	•		•	•	•		•		•	•	•
5	•	•		•				•	•		•
6	•	•	•	•							•

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a empatía.
- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- Desenvolver as habilidades TIC.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.
- Potenciar o gusto pola estética.
- Promover o hábito da lectura.
- Fomentar no alumnado as capacidades de busca e organización da información.
- Fomentar a capacidade crítica.

ORIENTACIÓNS

A maioría das actividades propostas están pensadas para traballar en grupos reducidos e, posteriormente, con todo o grupo-clase. Por iso consideramos importante que o profesor/a intente promover un bo clima na aula, onde se respire confianza e respecto por todas as opinións expostas polos alumnos/as.

As actividades propostas poden traballarse en distintos graos de afondamento en función dos intereses do grupo, ou do profesor/a.

A lectura desta novela pode dar pé ao traballo de aspectos como:

- A solidariedade
- A adolescencia
- A amizade

ANTES DA LECTURA

ACTIVIDADE 1: O TÍTULO

Obxectivos

- Traballar a expresión oral e escrita.
- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- Desenvolver hipóteses de lectura a partir do título.
- Fomentar a capacidade crítica.
- Motivar a lectura do libro.

Descrición

Nesta actividade, o profesor/a dividirá a clase en grupos de tres ou catro alumnos/as. Os grupos terán que dialogar sobre o título del libro para realizar hipóteses sobre este antes da súa lectura.

Será necesario que presten atención aos seguintes aspectos:

- Que vos suxire este título?
- A que credes que fai referencia?
- Posibles relacións entre o título e a ilustración da portada.

Así que os grupos debatan sobre estes puntos, farase unha posta en común das conclusións e dúbidas ás que chegaran cada un deles.

O profesor/a moderará a posta en común dos distintos puntos tratados.

Orientacións

Nesta actividade o profesor/a pode engadir máis aspectos que hai que ter en conta na análise do título se o considera oportuno, ou tamén en función dos intereses do grupo-clase.

ANTES DA LECTURA

ACTIVIDADE 2: O AUTOR DO LIBRO

Obxectivos

- Coñecer datos sobre o autor do libro.
- Potenciar o traballo en grupo.
- Fomentar a capacidade de escoita e respecto cara aos outros compañeiros/as.

Descrición

Nesta actividade divídese a clase en grupos reducidos de catro ou cinco alumnos/as, de modo que lles sexa fácil organizarse e establecer pautas de traballo.

Pediráselle a cada grupo que elabore un mural (do tamaño dunha cartolina) sobre o autor do libro: Jordi Sierra i Fabra.

Para iso poden incluír material de distintos tipos: fotografías, entrevistas, artigos periodísticos etc.

Ao elaborar os murais, farase unha pequena exposición (sería conveniente que non superase os 10 minutos de duración) na que se lle presentará o mural ao resto da clase.

Despois da presentación, os murais quedarán expostos na aula.

Orientacións

Pódese pedir a colaboración do especialista de Educación visual e plástica para elaborar os murais utilizando as distintas técnicas traballadas na súa área.

DURANTE A LECTURA

ACTIVIDADE 3: ESPECTÁCULO DE MARIONETAS

Obxectivos

- Potenciar o gusto pola estética.
- Fomentar a empatía.
- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en grupo.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Descrición

Nesta actividade dividirase o grupo-clase en grupos de catro ou cinco alumnos/as, os cales terán que preparar distintos espectáculos de marionetas para representar diante de alumnos/as máis pequenos da escola.

O espectáculo pode consistir na adaptación dun conto xa existente, ou ben, poden inventar un para facer a representación.

Tamén sería interesante que pensasen en que personaxes aparecerán na historia e elaborasen as súas marionetas. Do mesmo xeito, terán que pensar na escenografía para a representación.

Será necesario deixar un tempo idóneo na aula para que os alumnos/as poidan preparar e ensaiar as súas actuacións antes das representacións.

Orientacións

Esta actividade requirirá que os profesores/as organicen o horario entre eles para propiciar este momento de encontro entre alumnos/as de distintos niveis educativos.

Tamén se pode traballar, desde a área de Música, ou buscar distintas melodías para levar a cabo a representación.

Desde a materia de Educación visual e plástica pódense elaborar as marionetas para as distintas representacións.

DURANTE A LECTURA

ACTIVIDADE 4: ARQUÍMEDES

Obxectivos

- Fomentar a busca de información.
- Afondar na figura de Arquímedes.
- Potenciar o interese dos alumnos/as polo traballo en equipo.
- Desenvolver a capacidade crítica.

Descrición

Na novela preséntase o gato do profesor Haggath que responde ao nome de «Arquímedes». Dividirase a clase en 5 ou 6 grupos, cada un deles terá que preparar unha presentación dixital sobre este personaxe histórico e expoñela diante dos seus compañeiros/as.

Os grupos, ao elaborar a súa exposición, terán que ter en conta:

- A estrutura
- O formato
- A expresión oral

O profesor/a poderá orientar os distintos grupos neste traballo intentando que as exposicións resulten dinámicas, atractivas e veraces.

Ao terminar cada exposición, o resto da clase avaliará o grupo tendo en conta os seguintes aspectos:

- A claridade expositiva
- A información proporcionada
- A orixinalidade da exposición

Para iso daráselle a cada grupo unha ficha avaliativa cos distintos ítems para valorar, que se puntuarán do 0 ao 10. Unha vez valorados os tres aspectos colocarase a nota final, que se calculará facendo a media das cualificacións dos tres ítems.

Previamente, o profesor/a pediralles aos alumnos/as o máximo rigor á hora de avaliar os compañeiros/as dos distintos grupos facendo fincapé en que unicamente se deben deixar levar polo traballo realizado, e non polas afinidades que poidan existir entre eles.

GRUPOS	NOTA FINAL	CLARIDADE	INFORMACIÓN	ORIXINALIDADE
1				
2				
3				
4				
5				

Orientacións

O profesor/a poderá engadirlle a esta ficha avaliativa outros ítems que queira ter en conta á hora de avaliar os grupos.

DESPOIS DA LECTURA

ACTIVIDADE 5: «FRANKENSTEIN»

Obxectivos

- Desenvolver capacidades de busca de información en diferentes fontes.
- Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.
- Fomentar a capacidade de reflexión.

Descrición

Na novela exponse a volta á vida dun cadáver.Partindo desta idea, propoñemos un cinefórum a partir do visionado da películaFrankenstein de 1931.

Sinopse

O doutor Henry von Frankenstein acomete un experimento tenebroso: construír, a partir de fragmentos de cadáveres, un novo ser humano. Coa axuda do seu criado Fritz, intérnase durante a noite nos cemiterios da localidade para arrincarlles aos cadáveres as partes que necesita. O que ignora é que o cerebro que utilizou no seu experimento pertencera a un criminal.

Antes de empezar o visionado do filme, o profesor/a pediralles aos alumnos/as que se fixen nos seguintes aspectos da película e, se é necesario, tomen nota durante a súa visualización:

- Idea central da película
- Personaxes importantes na película
- Ambiente social da época

A partir das cuestións formuladas, e unha vez finalizada a película, abrirase un debate entre os alumnos/as coa finalidade de afondar no filme e na súa posible relación co libro lido.

Orientacións

Segundo o criterio do profesor/a da aula, as cuestións que hai que ter en conta durante o visionado da película poden estar supeditadas a distintas matizacións.

DESPOIS DA LECTURA

ACTIVIDADE 6: O CONCURSO

Obxectivos

- Potenciar as habilidades sociais necesarias para traballar en equipo.
- Fomentar a capacidade de reflexión.
- Potenciar a expresión oral e a capacidade argumentativa.

Descrición

Despois de finalizar a lectura do libro, propónselles aos alumnos/as un concurso relacionado con el.

Dividirase a clase en dous grupos que terán que elaborar un número determinado de preguntas (de dez a quince) relacionadas coa lectura que fixeron.

De modo alternativo, os grupos irán formulando as súas preguntas e irase tomando no taboleiro dos acertos de cada grupo para, unha vez finalizado o xogo, poder constatar cal é o equipo gañador.

Cada equipo terá un tempo determinado para responder as preguntas (o profesor/a determinará este tempo e encargarase de controlalo).

Poderán consultar a resposta entre eles, pero só se aceptará unha soa resposta por equipo. Cada un dos equipos escollerá un voceiro, que será o que dará a resposta elixida polo grupo.

Durante o concurso non se poderá consultar o libro para responder as preguntas.

Orientacións

O profesor/a terá que proporcionar o tempo suficiente para que os grupos poidan preparar as preguntas.

Asemade, terá o labor de velar polo cumprimento das normas do concurso que el mesmo lles exporá aos alumnos/as antes de iniciar o xogo.